

## DUELO LOCAL DE XADREZ NA 1ª DIVISIÓN

Nesta xornada os resultados da Escola de Xadrez de Pontevedra foron bastante malos con 3 derrotas, dúas vitorias e un empate.

O empate se produciuse no equipo de 1ª división, quen, nun duelo local ante o Karpov Amateur conseguiu un merecido empate a 2 no feudo do equipo Karpov. Xa van cinco xornadas seguidas sen que o EXP "A" coñeza a derrota, o cal é unha demostración de que pouco a pouco se lle vai collendo a medida a categoría. Despois do desastre da primeira xornada na Coruña, o equipo non a volto a perder, o que implica que pouco a pouco se vaian sumando puntos, moi necesarios para manterse na categoría. Foi curioso o encontro xa que nas catro mesas gañaron as brancas. Con máis detalle indicar que na primeira mesa xogaba Anatoli Khodorov ante Ramón Escudeiro, xogando unha partida un pouco tola por parte de Ramón, quedando un pouco peor na apertura e remontando pouco a pouco ata levarlle a una igualdade, pero algo increíble en Ramón, fixo que se deixase mate en una. No segundo taboleiro xogaron Domingo Alves Monteiro por parte do Karpov e Andrés Carrasco por parte do EXP, gañando este último por un despiste garrafal do seu oponente. Na terceira mesa o fixeron Luís A. Soares Gonzalez e Miriam Rodríguez que xogaba súa segunda partida da tempada e aunque saíu airosa da apertura, foi cedendo terreo ante o constante ataque do seu adversario cedendo una derrota moi pelexada. E xa no cuarto taboleiro xogaban Manuel Lesteiro ante David Fernández, sendo este último o que se levou o gato o auga despois duna reñida partida, establecendo o definitivo 2 a 2.

Dous derrotas foron na 2ª división xa que o EXP Miguel Najdorf e o EXP Zona Informática perderon os seus encontros, sen entrar isos resultados dentro dos cálculos dambos equipos. Por un lado o Miguel Najdorf acudía a Vigo para enfrontarse o Lucena B, equipo da parte alta da táboa pero se tiña confianza en derrotalo e non foi de esa maneira xa que volveu para Pontevedra con un 3 a 1 en contra. O outro equipo capitalino, o EXP Zona Informática caeu derrotado na casa ante o Liceo Academia Postal Ourense B, que estaba situado na parte baixa da táboa e polo tanto parecía outra presa alcanzable para os nosos xoves xogadores pero un 1,5 a 2,5 foi o resultado final deixando os locais un pouco aleixados dos dous primeiros postos da clasificación. É curioso que as derrotas sufridas polo EXP Zona Informática foron ante equipos da parte baixa da clasificación.

A outra derrota foi a do equipo de 3ª o EXP Limpiezas San Vicente que acudía a zona do Salnés para enfrontarse o CXF Sould Out sufrindo una severa derrota por 3,5 a 0,5; despois das táboas de Álvaro Maquieira e as derrotas dos outros tres membros do equipo. Sen embargo os comentarios das partidas indican que o asentamento paulatino que están experimentando estes xoves xogadores é moi progresivo, o cal lles dá ánimos para seguir pelexando en cada una das xornadas.

Por último as dúas vitorias se lograron na 4ª categoría por parte do EXP Meis que derrotou o Karpov Promesas por un claro 7,5 a 0,5 e o EXP "D" que venceu as xovencísimas xogadoras do CXF Distribuciones Lete por 8 a 0. Estes dous resultados fan que ambos equipos lideren a clasificación da cuarta, mantendo un reñido duelo.